



ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Alcalde e a Comisión de Goberno, en relación coa demanda urxente de separación de pluviais e residuais na obra que se está a executar de saneamento Vixán-Vixán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de moitos anos de demanda por parte da veciñanza, moitos anos dende a Declaración de Parque, e moitas promesas electorais por parte deste Grupo de Goberno Municipal, e por fin se acomete por parte da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a obra que vai dotar de saneamento ós lugares de Vixán e Vilar.

A veciñanza, tras unha longa espera, agardaba que a obra se fixese de xeito sensato, pero en pleno proceso de execución, decátanse de que non se está levando a cabo a separación de pluviais e residuais.

Non se pode entender, que nun proxecto tan custoso e de tanta envergadura se estean a facer as cousas a medias. Xa pasaron máis de seis meses dende que se deu comezo a estas obras, levantouse o pavimento de todas as estradas provocando constantes cortes nas rúas e na traída de auga,... o que causou infinidade de molestias á cidadanía e agora atopámonos con que posiblemente dentro de pouco tempo haxa que facer a mesma manobra, porque por parte deste Grupo de Goberno non se tomaron as medidas acaídas para que dunha vez por todas as cousas se fixeran ben.

Tendo xa constancia este Goberno Municipal dos múltiples atrancos que a non separación de Pluvias-Residuais está a causar neste Concello, é unha burla para a cidadanía que este tipo de cousas segan a ocorrer en obras de nova execución.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal se fagan os trámites necesarios e da maneira máis urxente posible, para que na obra de saneamento Vixán-Vilar, se leve a cabo a separación de pluviais e residuais.

Ribeira, 24 de setembro de 2007

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA